

**Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**"PUNTO SEXTO.- ACLARACIÓN Á REDACCIÓN DOS PUNTOS 10.3.1 E 20.5b).1 DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF BÁSICA E SAF DEPENDENCIA) DO CONCELLO DE AMES.**

Visto que con data de 22 de decembro 2016 a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen a contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa e varios criterios de adxudicación suxeito a regulación harmonizada do Servizo de Axuda no Fogar (SAF básica e SAF dependencia) do Concello de Ames.

Visto que con data de 26 de decembro de 2016 enviouse anuncio de licitación para a súa publicación ao DOUE, sendo publicado no mesmo boletín en data de 29 de decembro de 2016 e no que se establecía como data límite para presentación de ofertas o 10 de febreiro de 2017.

Visto que con data de 29 de decembro de 2016 o anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante do Concello de Ames.

Visto que con data 21 de xaneiro de 2017 publicouse o anuncio de licitación no Boletín Oficial do Estado.

Vistas as solicitudes de aclaración formuladas por dúas empresas interesadas no procedemento de licitación en relación as cláusulas 10.3.1 (Solvencia Económica e Financeira) e 20.5b.1) (oferta económica) do prego de cláusulas administrativas que rexen a licitación.

Visto o informe proposta de data 25 de xaneiro de 2016 emitido polo departamento de Intervención.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e no artigo 110 do TRLCSP, así como a delegación efectuada mediante decreto de Alcaldía 480/2016, a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Realizar as seguintes aclaracións ao prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa e varios criterios de adxudicación suxeito a regulación harmonizada do Servizo de Axuda no Fogar (SAF básica e SAF dependencia) do Concello de Ames:

1ª. Aclaración á redacción do punto 10.3.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, ao detectar unha incongruencia na redacción da mesma:

Punto 10.3.1) A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse polo seguinte medio:

Que o volume anual de negocios do licitador ou candidato no ámbito de actuación correspondente ao obxecto do contrato, que referido ao ano de maior volume dos últimos tres concluídos deberá ser polo menos igual ou superior a unha anualidade do contrato que é de 766.267,68 euros. Ou que o ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato, cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

Polo tanto para demostrar a solvencia será necesario que se acredite un volume anual de negocios no ámbito de actuación correspondente ao obxecto do contrato que referido ao ano de maior volume dos últimos tres concluídos deberá ser polo menor igual ou superior a unha anualidade do contrato (766.267,68€). Ou que o ano de maior volume de negocio (de toda a empresa non do ámbito do contrato) dos tres últimos anos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato, xa que a duración deste contrato é superior a un ano.

2ª. Aclaración á redacción do punto 20.5b).1 para o cálculo da puntuación da oferta económica. A fórmula correcta sería a seguinte:

$$\text{Puntuación} = \frac{20 \times \% \text{ ofertado polo licitador}}{\% \text{ mais baixo ofertado}}$$

Así mesmo respecto á forma de outorgar a puntuación, segundo a redacción do primeiro parágrafo do punto 20.5b.1) será a seguinte: multiplicarase o prezo ofertado en cada unha das modalidades existentes polo numero de horas do contrato, do que resultara o prezo do contrato ofertado por cada un dos licitadores. Posteriormente calcularase a porcentaxe de baixa que supón este prezo ofertado sobre o orzamento de licitación. Obtida a porcentaxe de baixa de cada un dos licitadores sobre o orzamento de licitación aplicarase a fórmula anterior.

**Segundo.-** Que se proceda á publicación no Perfil do Contratante destas aclaracións.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a vinte e sete de xaneiro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe  
O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria accidental

